



Concello de Vigo

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **21 de novembro de 2014**, adoptou o seguinte acordo:

2.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUER DE ELEMENTOS DE ALUMEADO DECORATIVO NAVIDEÑO. EXPTE. 1042/106.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.11.14, dáse conta do informe-proposta do 20.11.14, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 20 de novembro de 2014, entre outros, acordou:

3.- Propostas de adxudicación.

a) *Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos de alumado decorativo navideño (expediente 1042-106).*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSF).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación da subministración de maquinaria para o ximnasio do Parque Central de Teis do servizo de Bombeiros. (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 13 de novembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

3.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUER DE ELEMENTOS DE ALUMEADO DECORATIVO NAVIDEÑO. EXPTE. 1042/106.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, con data 12.11.14, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 12 de novembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

6.- Propostas de clasificación.

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos de alumado decorativo navideño (expediente 1042-106)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 05-11-2014, 07-11-2014 e 12-11-2014 e do informe do xefe do servizo de Comercio, de data 11-11-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos de alumado decorativo navideño" (expediente 1042-106), no seguinte orde decrecente:

	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1º	BLACHERE ILUMINACIÓN ESPAÑA, S.A.	95,48
2º	IMESAPI, S.A.	84,38
3º	PORGESA S.A.	75,35
4º	ILUMINACIONES JESÚS NAZARENO, S.L.	54,63

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BLACHERE ILUMINACIÓN ESPAÑA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe de 1.500.000 euros.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 644,88 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación".

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 14 de novembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 20 de novembro de 2014, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación na sesión da Mesa de data 20 de novembro de 2014, se comproba que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de



Concello de Vigo

adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a BLACHERE ILUMINACIÓN ESPAÑA, S.A., o procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos de alumado decorativo navideño (expediente 1042-106) por un prezo total de 133.826 euros (IVE incluído), comprometéndose a incrementar en 300 arcos e motivos navideños a subministrar, propón unha gama de 34 elementos decorativos navideños distintos en canto a formas e cores e incrementa o stock de seguridade esixida no prego (8%) nun 3,89 % de elementos decorativos navideños.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a vinte e catro de novembro do ano dous mil catorce.



V. e Pr.
O ALCALDE

Abel Caballero Alvarez.